

Illa de Tabarca.

Piratas berberiscos e pescadores xenoveses de coral vermello. Esa é a historia que se remexe baixo a terra árida de Tabarca, un anaco de mundo habitado a 8 millas das costas de Alacant, fortificado contra as invasións no século XVIII.

A transparencia das súas augas deixa que a luz do sol penetre no mar alumee o leito mariño ata casi 50 metros de profundidade, o que permite que os organismos que dependen da luz, poidan vivir en niveis máis fondos.

Reserva Mariña dende 1986, as augas da illa de Tabarca acollen miles de especies agora protexidas.

O seu hábitat son as densas praderías de fenerógamas mariñas e socialcos de area e substratos brandos que as recollen. Aquí exhiben as súas estratexias de camuflaxe e supervivencia.

Especies terrestres con corpos cuarteados por séculos de historia rochosa, símbolos dun mediterráneo antigo que nos fala da eternidade do tempo. A torre prismática do faro leva máis de douscentos anos alumendo camiños de auga, ignorado pola gran cantidade de aves mariñas que chapuzan nos arredores dos acantilados que se esborrallan aos seus pes.

Tabarca posúe unha das praderías de Posidonia oceánica máis densas do litoral español. Este endemismo mediterráneo estabiliza os fondos arenosos e reduce a erosión. Entre a pradería, grandes bancos de sabogas morden as follas para alimentarse dos epífitos.

Como medida de protección, o ser humano instalou grandes módulos de formigón que ofrecen refuxio a outras especies e evitan a pesca furtiva con artes de arrastre. Pouco a pouco o arrecife artificial de Tabarca foi colonizado pola fauna e a flora mariña, favorecendo a creación de novos hábitats.

Preto dos módulos de formigón foron afundidas vellas embarcacións para desmantelar que xeraron novos espacios para a vida submarina.

Tabarca, que a finais do século, XIX chegou a ter ata 1000 persoas adicadas á pesca, conta hoxe a penas con 50, que só ao anoitecer, logo de partir a última lancha de turistas de volta ás costas de Alacant ou Santa Pola, disfrutan da paz luminosa do seu contorno.

Pero baixo a auga, o crepúsculo é o anuncio dunha nova actividade. O fondo do mar échese de sombras e unha multitude de formas vivas desprega novas gamas de cores. Os habitantes da noite son hábiles cazadores silenciosos. Criaturas que se activan coa escuridade para que Tabarca continúe latexando con forza.